




MÓDULO “INCORPORAR A PERSPECTIVA ANTIRRACISTA NO CURRÍCULO ESCOLAR”

PROXECTO “FOMENTAR A DIVERSIDADE ABORDANDO O RACISMO NO ÂMBITO EDUCATIVO”



ELABORACIÓN DO MÓDULO

Adriana Torroella

DESEÑO E MAQUETACIÓN


Alberto Sernández

Esta guía foi realizada por Médicos do Mundo, no marco do proxecto Fomentar a diversidade, abordando o racismo no ámbito educativo, subvencionado polo Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, na convocatoria de 2023.

O contido desta publicación é responsabilidade exclusiva de Médicos do Mundo.

Grazas por respectar os dereitos reservados deste documento e por difundilo, única e exclusivamente, baixo a licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0

©2024 Médicos do Mundo



ÍNDICE

Unidad 1: Revisión profesional	5
Unidad 2: Introducción y conceptos básicos	9
Unidad 3: Lenguaje antirracista	13
Unidad 4: Conflictos racistas escolares	18
Unidad 5: Visibilización de referentes	23
Conclusiones	27



A **diversidade** é un valor esencial na construción dunha sociedade máis xusta e equitativa. Con todo, os prexuízos, as actitudes discriminatorias e as prácticas racistas seguen estando presentes no ámbito educativo e impactan negativamente no desenvolvemento integral do alumnado e na cohesión das nosas comunidades escolares. Fronte a este desafío, Médicos do Mundo España desenvolve o proxecto ***Fomentar a diversidade abordando o racismo no ámbito educativo***, cuxo propósito é capacitar a mozos e profesionais para transformar estas realidades desde a base, promovendo unha educación inclusiva e antirracista.

O presente módulo foi deseñado conxuntamente coa educadora social afrofeminista **Adriana Torroella Giró** e pretende ser unha ferramenta práctica para calquera profesional do ámbito socioeducativo nos institutos de secundaria e outros centros educativos. A través de cinco unidades didácticas, propóñanse contidos teóricos e dinámicas participativas que abordan o racismo dende unha perspectiva integral, combinando a reflexión crítica con accións concretas para o cambio.

Cada unidade didáctica segue unha estrutura sinxela, dividida en dous apartados:

1. **Consideracións que cómpre saber**, que ofrece fundamentos teóricos clave.
2. **Dinámicas e recursos para implementar**, que facilita actividades prácticas para interiorizar e aplicar os conceptos tratados.

O contido das unidades responde a obxectivos claros e secuenciados:

- **Unidade 1: Revisión profesional**
Reflexiona sobre o rol das persoas encargadas de implementar a actividade, analizando a súa posición dende unha perspectiva racial e migratoria para evitar a reprodución de actitudes, prácticas e comportamentos racistas.
- **Unidade 2: Introducción e conceptos básicos**
Proporciona ferramentas básicas para entender e abordar o racismo no ámbito educativo.
- **Unidade 3: Linguaxe antirracista**
Promove unha linguaxe inclusiva que contribúa a desmontar prexuízos e estereotipos racistas na contorna escolar
- **Unidade 4: Conflitos racistas escolares**
Instrúe o alumnado, o persoal docente e o equipo socioeducativo na identificación e actuación ante conflitos racistas.
- **Unidad 5: Visibilización de referentes**
Incorpora figuras diversas no imaxinario colectivo, reforzando a representación inclusiva en diferentes ámbitos.

A través deste módulo educativo, os e as profesionais do ámbito socioeducativo poderán fortalecer a súa capacidade de intervención fomentando os principios DEI (diversidade, equidade e inclusión) nas aulas. Desta maneira, contribuiremos á construción de **espazos educativos antirracistas** nos que a diversidade sexa valorada como unha riqueza e non como unha barreira.

UNIDADE DIDÁCTICA 1: REVISIÓN PROFESIONAL



OBXECTIVO: Revisar o rol das persoas profesionais encargadas de implementar a actividade, analizando a súa posición dende unha perspectiva racial e migratoria para evitar a reprodución de actitudes, prácticas e/ou comportamentos racistas.

CONSIDERACIÓNS QUE CÓMPRE SABER

O dobre rol da educación na reprodución e prevención do racismo

A **educación** desempeña un papel central na configuración de actitudes, valores e comportamentos sociais. Con todo, este rol ten un dobre fío no que respecta ao racismo.

Por unha banda, a educación pode contribuír a perpetuar desigualdades raciais cando se implementa de maneira acrítica, replicando prácticas e contidos nesgados que marxinalizan certos grupos racializados. Exemplos disto inclúen: a ausencia de diversidade de referentes nos currículos, o uso de linguaxe excluínente e a falta de atención ás dinámicas discriminatorias na aula e no recreo.

Pero por outra banda, a educación é un ámbito privilexiado onde se poden construír relacións equitativas e fomentar unha conciencia crítica fronte ao racismo. Ao promover unha educación antirracista, os centros educativos poden contribuír significativamente a erradicar actitudes e prácticas discriminatorias, fortalecendo unha convivencia baseada no **respeto mutuo** e na **igualdade de diferenzas**.

A obriga legal de previr o racismo nos institutos de secundaria

Os marcos legais que reforzan a responsabilidade dos centros educativos na prevención do racismo e na promoción da igualdade en España son:

- A Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE), modificada pola Lei orgánica 3/2020 (LOMLOE), que subliña o compromiso das institucións educativas coa equidade e a inclusión, garantindo unha educación que respecte os dereitos humanos e valore a diversidade.

- A Lei orgánica 8/2021, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, que establece medidas para previr calquera forma de violencia, incluído o racismo.
- A Lei integral 15/2022, para a igualdade de trato e a non discriminación, que prohíbe a discriminación racial e promove medidas proactivas para garantir un trato igualitario en todos os ámbitos, incluído o educativo.



A responsabilidade moral e educativa de previr o racismo nos institutos

Pero máis alá dos marcos legais, os institutos teñen a responsabilidade moral e educativa de erradicar calquera manifestación de racismo dentro da comunidade educativa. Isto implica:

1. Crear ambientes seguros e respectuosos > Garantir que todo o alumnado, independentemente da súa orixe, cultura ou categoría étnico-racial, se sinta valorado e protexido.
2. Fomentar os principios DEI > Diseñar estratexias pedagóxicas que integren perspectivas diversas e promovan a aprendizaxe equitativa e inclusiva.
3. Actuar fronte a incidentes discriminatorios > Establecer protocolos claros e efectivos para identificar e responder ante violencias escolares racistas.


Neste sentido, a **revisión profesional** é un compoñente esencial para garantir que quen intervéñ no ámbito educativo desempeña o seu labor dende unha perspectiva consciente e antirracista. Este proceso permite que as persoas profesionais reflexionen sobre as súas propias actitudes, nesgos e prácticas, identificando posibles áreas de mellora. Ao facelo, non só se prevén a reprodución de dinámicas racistas, senón que tamén se fortalece a capacidade do equipo educativo para converterse en axente de cambio.

RECURSO 1 PARA IMPLEMENTAR

DECÁLOGO PARA REVISAR A INTERVENCIÓN PROFESIONAL	SÍ	NON
Reflexiona sobre a túa identidade e privilexios. Examinas como a túa orixe, categoría étnico-racial e experiencias inflúen na túa percepción e práctica profesional?	☐	☐
Identifica os teus nesgos inconscientes. Recoñeces prexuízos e/ou estereotipos racistas que poidas ter? Tomas accións para desmantelalos?	☐	☐
Formación continua en Diversidade, Equidade e Inclusión (DEI). Instrúeste regularmente en temas de diversidade racial, cultural e de orixes? Estás ao día cos conceptos e termos inclusivos?	☐	☐
Cóñece a diversidade do teu grupo. Familiarízaste coas características culturais, raciais e sociais do alumnado para evitar enfoques homoxéneos e excluíntes?	☐	☐
Evita a racialización de problemas. Avalías as dificultades de aprendizaxe e/ou de conduta do alumnado dende unha perspectiva sistémica, sen reducilas á súa orixe étnico-racial?	☐	☐
Promove narrativas inclusivas e diversas. Incorporas historias, referencias e exemplos que reflectan a diversidade nos materiais educativos e nas actividades pedagóxicas?	☐	☐
Deseña materiais educativos antirracistas. Revisas os teus recursos e dinámicas para asegurarte de que non perpetúan estereotipos nin reforzan desigualdades raciais? Promoven, ademais, un posicionamento crítico contra o racismo?	☐	☐
Fomenta unha contorna de respecto e diálogo. Creas espazos seguros onde poder abordar temas de racismo con apertura e respecto mutuo?	☐	☐
Respecta as diferenzas culturais e relixiosas do alumnado. Valoras e respectas as formas de expresión cultural e/ou relixiosa dos teus estudantes como unha riqueza e non como algo que cómpre corrixir?	☐	☐
Intervén activamente contra o racismo. Actúas fronte a situacións de discriminación, modelando unha actitude antirracista que inspire os que te rodean?	☐	☐

*Este decálogo invita a reflexionar sobre as prácticas socioeducativas e a identificar áreas de mellora para garantir un enfoque inclusivo e antirracista no ámbito educativo. A autocrítica e a disposición ao cambio son esenciais no proceso de transformación persoal e profesional. Ao poñer en práctica os principios **DEI (diversidade, equidade e inclusión)**, non só se mellora o desempeño individual, senón que tamén se devén un/unha referente para o alumnado, modelando condutas de **respeto, empatía e xustiza social**.*

OUTROS RECURSOS



[Guía Interculturalidad Crítica y Antirracismo - REDEC](#)



[Conferencia The urgency of intersectionality
Kimberlé Crenshaw | TED](#)



[Test ¿Cuántos privilegios tienes?
sobre interseccionalidade](#)

UNIDADE DIDÁCTICA 2: INTRODUCCIÓN E CONCEPTOS BÁSICOS

OBXECTIVO: Facilitar ferramentas básicas para entender e abordar o racismo no ámbito educativo.

CONSIDERACIÓNS QUE CÓMPRE SABER

Nesta unidade didáctica proporciónanse ferramentas básicas para entender o obxecto do presente módulo, diferenciando conceptos como prexuizos, estereotipos e os diferentes niveis nos que se expresa o racismo, dende o individual ata o estrutural.

Conceptualización do racismo

O **racismo** é un sistema complexo e multidimensional que se manifesta de diferentes maneiras na sociedade. É unha construción social que implica crenzas e actitudes que colocan os grupos racializados¹ en posición de desigualdade con respecto á supremacía branca. No seu núcleo, o racismo baséase na idea errónea de que algunhas “razas” son inherentemente superiores ou inferiores a outras. Ao longo da historia, este concepto foi utilizado para xustificar a discriminación, a opresión e a explotación dos grupos racializados, é dicir, das persoas non brancas.

Diferenciación entre prexuízo e estereotipo

Os **prexuizos** son opinións ou crenzas persoais que se forman sen ter unha base sólida de evidencia. Son valoracións que se emiten sobre persoas ou grupos sen coñecelos adecuadamente, a partir de suposicións infundadas. No contexto educativo, os prexuizos raciais poden afectar o trato cara ao alumnado racializado: [por exemplo, condicionando as perspectivas que ten o profesorado sobre o seu rendemento.](#)

Os **estereotipos**, polo contrario, son xeneralizacións simplificadas e reducionistas sobre grupos de persoas e baséanse en características como a categoría étnico-racial, a cultura ou a relixión, entre outras. A diferenza dos prexuizos (que se refiren a crenzas persoais), os estereotipos son ideas colectivas que circulan dentro dunha

1. TRAZOS QUE RACIALIZAN: a cor de pel, o lugar de nacemento, a procedencia, as orixes, a nacionalidade, a situación administrativa, a relixión, a lingua nativa e/ou a pertenza a unha minoría nacional, cultural ou étnica.

sociedade e son perigosos porque nos fan ver as persoas como membros dun grupo homoxéneo, sen experiencias nin características propias.

No ámbito educativo, os estereotipos racistas poden xerar expectativas reducidas sobre o comportamento de certo alumnado, xa que, a miúdo, algúns grupos racializados son etiquetados como "problemáticos" pola súa orixe, ignorando factores contextuais e situacións de exclusión que poden influír no seu desempeño.

Os catro niveis do racismo

O racismo non é só un conxunto de crenzas negativas e interaccións daniñas, tamén é unha estrutura que impregna diferentes niveis da sociedade. A continuación, identifícanse os catro niveis máis comúns de manifestación do racismo:

1. O **racismo internalizado** maniféstase cando unha persoa adopta crenzas e actitudes negativas cara a grupos racializados, incluído o propio e/ou algún outro. Este fenómeno resulta especialmente prexudicial, xa que xera desconfianza, inseguridade e desprezo en quen o experimenta. No ámbito escolar, este nivel de racismo pode influír nas expectativas que o alumnado racializado ten de si mesmo e en como se relaciona coa aprendizaxe e coas oportunidades que se lle brindan
2. O **racismo social** maniféstase nas relacións interpersoais e na discriminación explícita na sociedade. É o racismo que se observa en actitudes e comportamentos visibles e directos, como insultos, agresións físicas, rexeitamento e/ou marxinación de persoas racializadas. No contexto educativo, este tipo de racismo pódese manifestar cando unha estudante racializada é ignorada deliberadamente polos seus compañeiros debido á súa categoría étnico-racial, o que afecta o seu rendemento académico, o seu benestar e a súa integración na contorna escolar.
3. O **racismo institucional** refírese ás prácticas, políticas e procedementos de certos organismos que perpetúan as desigualdades raciais, mesmo sen unha intención consciente de discriminar. En institucións como escolas, institutos e universidades, estas dinámicas adoitan beneficiar as persoas nacionais (con DNI), mentres que exclúen a persoas estranxeiras non pertencentes á Unión Europea. Un exemplo no ámbito educativo é a escasa representación de persoal migrado e racializado, xa que, para acceder a prazas de profesorado en centros públicos, aos e ás profesionais sen nacionalidade española esíxenselles requisitos adicionais.
4. Por último, o **racismo estrutural** é o nivel máis amplo de racismo, e refírese a como estas prácticas, políticas e procedementos en diversas áreas (como a educación, a sanidade, a xustiza e o emprego...) contribúen ao mantemento da desigualdade sistémica. Este tipo de racismo está arraigado na organización da sociedade e nas normas que rexen as interaccións entre individuos e institucións. No contexto socioeducativo, o racismo estrutural reflíctese nas disparidades dos recursos dispoñibles en institutos de diferentes barrios e nas diferenzas de oportunidades educativas segundo a orixe étnico-racial ou a situación administrativa. Este tipo de racismo é máis difícil de identificar, pero é crucial para entender como se manteñen as desigualdades a nivel macrosocial

DINÁMICA 2 PARA IMPLEMENTAR

ACTIVIDADE DE REFLEXIÓN PERSOAL E EN GRUPO: Colaxe sobre o racismo [50']

Obxectivo: Fomentar a reflexión crítica sobre os prexuizos, estereotipos e as distintas formas de racismo que se dan no instituto a través da creación dunha colaxe.

Cursos recomendados: Primeiro ciclo da ESO (1º e 2º), pero aplicable aos catro cursos.

Materiais:

- Encerado ou rotafolio e rotulador
- Follas A4 e bolígrafos (para escribir)
- Cartolinas A2 ou papel mural (para a colaxe)
- Revistas, xornais, imaxes...
- Tesoiras, pegamento e post-its
- Marcadores, lapis de cores, rotuladores...

1. Introducción [5 minutos]

Comeza a actividade cunha breve introdución sobre o racismo e o seu impacto no ámbito educativo. Explica que o obxectivo é reflexionar sobre como os prexuizos e estereotipos racistas afectan as persoas no instituto e como podemos contribuír a cambiar estas actitudes.

2. Reflexión persoal sobre prexuizos e estereotipos racistas [8 minutos]

Entrega ao alumnado fotocopias ou follas de papel. Pídelles que reflexionen sobre as seguintes preguntas e que anoten as súas respostas de maneira persoal:

- *Que son os prexuizos e como os definiríades?*
- *Que son os estereotipos e como afectan as persoas?*
- *Sentiches que algunha vez te etiquetaron pola túa cor de pel, lugar de nacemento, orixes familiares, nacionalidade, situación administrativa, relixión, lingua nativa ou pertenza a unha minoría nacional, cultural ou étnica? Como te fixo sentir?*

Concédelles entre 5 e 8 minutos para reflexionar individualmente. Durante este tempo, podes escribir as preguntas no encerado para guiar a reflexión, así como proxectar un temporizador para que distribúan ben o tempo.

3. Creación da colaxe [17 minutos]

Despois da reflexión individual, indícalles que se agrupen en equipos de 4-5 persoas e que creen unha colaxe para representar como os prexuizos e estereotipos racistas se manifestan no instituto.

Para iso, deberán buscar en revistas, xornais e noutros materiais, imaxes que simbolizen os prexuizos, estereotipos, relacións de poder e a exclusión racial no contexto escolar.

Indirectamente, na colaxe deben responder as seguintes preguntas:

- *Que imaxes e palabras asociamos con prexuizos? Que sentimentos nos xeran?*
- *Que imaxes reflicten a redución dunha persoa a unha soa característica? Cales son exemplos de estereotipos racistas?*
- *Que imaxes representan o impacto dos prexuizos e estereotipos racistas na convivencia escolar? (Por exemplo: exclusión dun grupo, ignorancia cara á diversidade...)*

A creación das colaxes debe ir acompañada dunha breve reflexión antirracista, que deberán escribir e pegar na súa cartolina.

4. Exposición e posta en común [10 minutos]

Cada grupo presentará a súa colaxe ante a clase, explicando as imaxes seleccionadas e como estas representan os prexuizos e estereotipos racistas que se dan no instituto.

Mentres presentan, anota no encerado os puntos clave de cada grupo sobre como o racismo afecta o trato e as oportunidades das persoas racializadas.

5. Reflexión final co grupo-clase [10 minutos]

Para concluír a actividade, organiza unha pequena reflexión sobre o seguinte:

- *Que podemos facer para previr os prexuizos e estereotipos racistas no instituto?*
- *Como podemos crear un ambiente respectuoso onde se valore a diversidade racial, cultural e de orixes?*

Fai que o alumnado escriba algunhas das súas ideas en post-its e que as pegue no encerado ou nun mural que represente os compromisos do grupo-clase.

OUTROS RECURSOS



O xogo de mesa “sospeitos@s inusuais” sobre prexuizos e estereotipos.



[O video *Una cámara oculta capta la reacción de la gente ante el racismo* #EsRacismo](#)

UNIDADE DIDÁCTICA 3: LINGUAXE ANTIRRACISTA

OBXECTIVO: Fomentar o uso dunha linguaxe inclusiva e antirracista que contribúa a desmontar o racismo na contorna escolar.

CONSIDERACIÓNS QUE CÓMPRE SABER

A importancia da linguaxe na construción da realidade

A linguaxe desempeña un papel fundamental na maneira en que construímos e percibimos a realidade, especialmente nos contextos educativos, onde se forman as bases do pensamento crítico e as relacións sociais. A linguaxe non é só unha ferramenta para comunicarnos, senón que tamén moldea a nosa visión do mundo e as relacións que establecemos. A través das palabras transmítense ideas, valores e crenzas, e créanse categorías sociais que inflúen en como entendemos a nosa identidade e a doutras persoas.

Cando utilizamos certas expresións, estamos a perpetuar unha visión particular da realidade, xa sexa unha visión excluínte e despectiva ou inclusiva e empática. Por exemplo, o uso dunha **linguaxe inclusiva** nas aulas fomenta un ambiente onde todo o alumnado se sinta valorado, independentemente da súa orixe, xénero ou capacidade.

No caso do racismo, a linguaxe contribuíu á creación de barreiras invisibles entre grupos de persoas, sustentando unha xerarquía étnico-racial que coloca os grupos racializados en posición de desvantaxe con respecto á supremacía branca. Utilizar expresións despectivas ou facer comentarios sobre a orixe, a cultura ou a etnia dunha persoa inflúe na forma en que esta é percibida. Estas representacións infíltanse na nosa conciencia colectiva e afectan a interacción diaria, as decisións políticas e, sobre todo, o trato cara ás persoas racializadas.

Con todo, a linguaxe tamén pode ser un vehículo para o desmantelamento dos distintos sistemas de opresión. No ámbito educativo, fomentar un uso consciente e reflexivo da linguaxe contribúe á construción dunha realidade máis xusta e respectuosa, onde a diversidade non sexa vista como un problema, senón como unha riqueza. Promover debates sobre a importancia da linguaxe, así como incluír perspectivas diversas nos contidos escolares, axuda a formar xeracións capaces de transformar as estruturas de desigualdade.

Termos e expresións que perpetúan estereotipos racistas

Utilizar termos e expresións que perpetúan estereotipos racistas reforza ideas preconcebidas e negativas sobre as persoas racializadas, o que fomenta a discriminación e a exclusión racial. Estes estereotipos non só se limitan aos comentarios explícitos, senón que tamén se filtran na lingua cotiá, nos medios de comunicación e no discurso social. Nos contextos educativos, as expresións racistas poden influír na percepción que a comunidade educativa ten sobre as persoas racializadas, perpetuando desigualdades e prexuízos raciais dende idades temperás.

Deseguido analízanse algúns destes termos e expresións racistas presentes na lingua española, e propóñense alternativas para un uso máis respectuoso e inclusivo da linguaxe:

1. "Campamento xitano"

Esta expresión utiliza o termo *xitano* para referirse a lugares de baixos recursos, improvisados e frecuentemente desordenados. Ao empregala de forma despectiva, refórzase a asociación da comunidade xitana –e por extensión, do pobo romaní– coa pobreza e a desorde, ignorando a diversidade interna desta etnia e as súas contribucións culturais.

➔ Alternativa inclusiva: En troques de "campamento xitano" é preferible dicir **asentamento informal** ou **campamento provisional**, para evitar asociar un grupo étnico con condicións precarias.

2. "Mulato/a"

Dende a época colonial, o termo mulato/a utilizouse para facer referencia ás persoas descendentes dun home europeo branco e dunha muller africana negra –ou viceversa.

Esta categorización era parte do Sistema de Castes español e a súa orixe relaciónase coa palabra mula (animal que nace do cruzamento entre un cabalo e unha burra ou entre un asno e unha egua), o que reflicte unha visión deshumanizadora e xerárquica baseada na ascendencia.

➔ Alternativa inclusiva: Suxírese substituílo por termos como **afrodescendente**, ou nomear a persoa pola súa identidade cultural específica –como "afroca-talán" ou "afrogalega", por exemplo.

3. "Non hai mouros na costa"

Esta expresión ten unha orixe histórica relacionada coa loita entre mouros e cristiáns durante a Idade Media. Utilizábase para alertar da presenza de persoas musulmás, ás que se asociaba con perigo e ameaza. Aínda que actualmente o seu uso é informal, perpetúa a xenofobia e estigmatiza as persoas musulmás e/ou de orixe árabe.

➔ Alternativa inclusiva: Usar expresións neutras como **"non hai perigo"** ou **"a zona está despexada"** evita a connotación racista e exclúinte da expresión.

4. "Traballo de chineses"

Esta frase alude a traballos que se perciben como excesivamente duros, minuciosos e mal remunerados, e vincúlaos directamente coa comunidade chinesa. O uso despectivo desta expresión reforza estereotipos negativos sobre as persoas chinesas en particular e asiáticas en xeral, perpetuando prexuizos laborais e culturais.

➔ Alternativa inclusiva: É mellor optar por expresións como ***"traballos duros e mal remunerados"*** ou ***"empregos esixentes e de baixos salarios"***, que non vinculen certas condicións precarias cun país específico.

5. "Traballar en negro"

A expresión "traballar en negro" describe traballos sen contrato formal, pero asocia implicitamente a ilegalidade coa negritude e as persoas non-brancas en xeral. Esta asociación ten raíces históricas na época colonial e da escravitude, onde as persoas de orixe africana eran relegadas a traballos informais e non remunerados.

Ao longo dos séculos, esta relación entre os grupos racializados e a precariedade laboral mantívose, perpetuando estereotipos negativos sobre as persoas racializadas ao vinculalas coa informalidade e a falta de dereitos laborais.

➔ Alternativa inclusiva: Utilizar termos como ***traballo non declarado*** ou ***emprego informal*** elimina calquera asociación discriminatoria relacionada coa cor da pel ou a orixe.

En definitiva, a linguaxe é unha ferramenta que, alén de reflectir a realidade, tamén a constrúe e a transforma. As palabras non xorden de maneira illada, senón que están impregnadas das cargas históricas que marcaron as relacións sociais ao longo do tempo.

No caso do racismo, a linguaxe foi utilizada para perpetuar estereotipos e desigualdades que teñen raíces profundas na época escravista e colonial. En consecuencia, é esencial recoñecer como estas cargas históricas inflúen na nosa percepción actual do mundo e na persistencia da colonialidade nas interaccións cotiás.

Fomentar o uso dunha linguaxe antirracista nas aulas non só promove a inclusión, senón que tamén brinda ao alumnado as ferramentas necesarias para comprender como as estruturas de poder se perpetuaron a través do tempo.

DINÁMICA 3 PARA IMPLEMENTAR

ACTIVIDADE PARA DECONSTRUÍR O USO DE EXPRESIÓNS RACISTAS: Voces antirracistas [45']

Obxectivos: Reflexionar sobre o uso de expresións racistas de forma lúdica e Xerar conciencia acerca da importancia de comunicarnos de maneira respectuosa e inclusiva.

Cursos recomendados: 2º e 3º da ESO, pero aplicable aos catro cursos.

Materiais:

- Encerado ou rotafolio e rotulador
- Listaxe/Tarxetas con frases (algunhas **racistas** e outras *neutras* ou *inclusivas*)
- Follas A4 e bolígrafos (opcional para cada equipo)
- Cartolina A2 e rotuladores de cores (para o compromiso final)

1. Introducción [5 minutos]

1a. Explicación (3 minutos)

Comeza a actividade cunha breve explicación sobre a importancia da linguaxe e o seu impacto na construción e transformación da realidade. Explica que o obxectivo será aprender a identificar expresións racistas e transformalas en algo respectuoso.

1b. Preparación do xogo (2 minutos)

Divide o grupo grande en equipos de 4-5 persoas. O xogo consiste en escoitar distintas frases. Algunhas tarxetas terán estereotipos racistas, mentres que outras terán frases neutras ou inclusivas. Os grupos deberán ler e decidir se as frases son positivas ou non; e, se non o son, transformalas.

2. Desenvolvemento principal [25 minutos]

2a. Transformación da linguaxe (20 minutos)

Le unha frase das tarxetas ao primeiro equipo:

- Se o equipo considera que a frase é **racista**, deberán responder **“Isto é racismo!”** e despois terán 60-90 segundos para transformala nunha versión inclusiva. Por exemplo, se a tarxeta di: *“Todas as latinas son boas cociñeiras”*, o grupo podería cambiala por *“Cada persoa ten o seu propio talento, independentemente da súa orixe.”*
- Se a frase xa é **neutra** ou **inclusiva**, berrarán **“Somos antirracistas!”** e repetirana en voz alta para que o resto do alumnado a escoite.

Logo, continúa co seguinte equipo e, así, de maneira sucesiva.

2b. Competencia sa e divertida (5 minutos)

Decide se queres premiar con puntos os equipos que presenten as mellores respostas e transformacións de frases. Para darlle dinamismo, podes crear un taboleiro de puntuacións no encerado: cada vez que un grupo propoña unha boa alternativa, recibirá un punto.

Evita sinalar ou sancionar os grupos que se equivoquen, pero si podes restar puntos se se producen faltas de respecto durante o xogo.

3. Reflexión final [10 minutos]

3a. Círculo de reflexión en grupo (5 minutos)

Reúne o grupo-clase en círculo e fai unha rolda de reflexión rápida. Cada equipo deberá compartir unha frase inclusiva que lembre do xogo e/ou algo que aprendese durante a actividade.

3b. Compromiso persoal antirracista (5 minutos)

Nunha cartolina A2, escribe a frase *"Hoxe comprométome a usar palabras que..."* e fai que cada estudante complete a frase con rotuladores de cores. Por exemplo: *"Hoxe comprométome a usar palabras que respecten e valoren a diversidade"*. Esta acción finalizará a actividade de maneira simbólica, como un compromiso persoal de cambiar actitudes e usar unha linguaxe antirracista no día a día.

Exemplos de frases

Estereotipos racistas (alén dos citados nesta mesma unidade didáctica):

1. "Todos os africanos son bos para os deportes."
2. "As persoas asiáticas son intelixentes en matemáticas."
3. "Os xitanos sempre son ladróns."

Frases neutras:

1. "A xente ten habilidades diferentes, independentemente da súa orixe."
2. "As persoas de diferentes países teñen diferentes costumes."
3. "Cada cultura ten as súas propias tradicións."

Exemplos inclusivos:

1. "A cor da pel non determina as capacidades dunha persoa."
2. "Cada persoa ten talento en diferentes áreas, sen importar a súa orixe."
3. "As diferenzas culturais enriquecen a nosa forma de ver o mundo."

OUTROS RECURSOS



[Conferencia Chimamanda Ngozi Adichie:
The danger of a single story | TED](#)



[Seis expresiones racistas que se nos escapan cada día](#)



[Video Inmigracionalismo 2:
Corta con las etiquetas - RED ACOGE](#)



[GUÍA DE COMUNICACIÓN CON PERSPECTIVA INTERCULTURAL
Ajuntament de Barcelona](#)



UNIDADE DIDÁCTICA 4: CONFLITOS RACISTAS ESCOLARES

OBXECTIVO: Dotar o alumnado, o persoal docente e o equipo socioeducativo de ferramentas para identificar e actuar ante conflitos racistas no instituto.

CONSIDERACIÓNS QUE CÓMPRE SABER

Conceptualización dos conflitos racistas

Os **conflitos racistas** son aqueles comportamentos, accións e violencias que discriminan, menosprezan e/ou exclúen unha persoa ou grupo debido á súa cor de pel, lugar de nacemento, orixes familiares, nacionalidade, situación administrativa, relixión, lingua nativa ou pertenza a unha minoría nacional, cultural ou étnica.

Estes conflitos pódense presentar de diferentes maneiras e afectan tanto o benestar emocional como o desenvolvemento integral das persoas afectadas:

- A **discriminación directa ou visible** refírese a situacións claras e evidentes onde existen accións ou comentarios que intencionadamente exclúen ou causan prexuízo a unha persoa debido aos trazos que racializan. Exemplos comúns no ámbito educativo inclúen: comentarios ofensivos sobre a orixe ou a cor de pel dun/dunha estudante, a exclusión á hora de configurar equipos ou grupos de traballo e/ou aplicar sancións máis severas sobre certos grupos racializados.
- Por outra banda, a **discriminación indirecta ou sutil** caracterízase por actitudes e comportamentos que, malia que poidan parecer non intencionados, perpetúan estereotipos e prexuízos raciais. Estas actitudes inclúen bromas aparentemente inofensivas sobre a cultura, a etnia ou a relixión dun/dunha estudante, dúbidas sobre o seu rendemento académico debido á súa orixe e/ou unha menor atención ás ideas ou achegas de certos grupos racializados durante os debates na clase.

Premisas para profesionais para a xestión de conflitos racistas

1. O racismo non é un “malentendido” nin unha cousa “de nenos”. É un sistema de opresión, multidimensional e complexo, que violenta a diversidade étnico-racial, cultural e de orixes.

2. Non se debe minimizar o impacto das agresións racistas cualificándoas como "microrracismos". O uso deste termo reduce a gravidade destas accións que, aínda que poidan parecer pequenas, teñen un efecto profundo nas persoas afectadas. Ademais, cómpre destacar que o impacto non depende unicamente da súa magnitude, senón doutros factores como a frecuencia, a intención, a vulnerabilidade e o contexto da persoa afectada.
3. O racismo vai en contra da ética e da moral educativa. No ámbito escolar, débense priorizar sempre os principios DEI (diversidade, equidade e inclusión), de acordo coa citada [Lei 15/2022](#), para a igualdade de trato e a non discriminación.
4. Unha agresión racista defínese por como a percibe a persoa afectada. Non é lexítimo cuestionar as vivencias individuais dunha persoa que se sente violentada.
5. A intervención débese realizar sempre co **consentimento** da persoa afectada, respectando a súa liberdade e dereito a decidir sobre as medidas que se tomen na súa situación.

Orientacións para acompañar o alumnado racializado afectado

1. Facilitar un **espazo seguro**:
 - a) Escoller un lugar cómodo, como unha aula cálida en vez dun despacho formal.
 - b) Garantir a confidencialidade para protexer a privacidade da persoa afectada.
 - c) Elixir coidadosamente a persoa adulta que fará o acompañamento: pode ser un docente racializado, un/unha especialista no tema ou un/unha titor/a de confianza.
2. Realizar unha **escoita activa e empática**:
 - a) Permitir que a persoa afectada se exprese sen interrupcións.
 - b) Evitar negar ou minimizar os seus sentimentos.
 - c) Reflexionar antes de responder, comunicando sempre dende o coidado e o recoñecemento.
3. Non equiparar a resposta da persoa afectada á violencia do suxeito agresor:
 - a) Se a persoa racializada reaccionou con violencia, evitar xustificalo empregando a fórmula "ti fíxeches o mesmo". Recoñecer que a súa acción pode ser unha resposta a un sistema de opresión, sen deixar de abordar a violencia.
 - b) Evitar estigmatizar a persoa afectada. Brindar apoio sen perpetuar sentimentos de culpa.

4. Respetar as súas decisións: Se a persoa afectada decide non iniciar ou continuar co acompañamento, validar a súa elección e ofrecerlle apoio futuro se cambia de opinión.

Opcións para a resolución de conflitos racistas na aula

A resolución de incidentes racistas pode incluír diversas estratexias, que se deben adaptar ao contexto específico do conflito:

- Titorías individualizadas: Traballar de maneira persoal con cada unha das partes implicadas, para entender as perspectivas e circunstancias e buscar solucións conxuntas.
- Círculos restaurativos: Promover o diálogo e a reparación do dano entre o grupo-clase para sandar as relacións afectadas
- Derivación a recursos especializados: Se a situación supera as capacidades do centro educativo, derivar a servizos externos que ofrezan apoio integral.
- Traballo antirracista na aula: Implementar actividades que promovan a reflexión e a transformación social. Por exemplo:
 - Cinefóruns con películas ou documentais relacionados co racismo.
 - Análise crítica de noticias ou lecturas sobre o tema.
 - [Obradoiros e formacións para a comunidade educativa.](#)

Estas estratexias non só buscan abordar o conflito racista escolar, senón tamén fomentar unha educación inclusiva e transformadora que rexeite calquera forma de racismo e de violencia en xeral. Lembremos que a educación debe ser un espazo seguro onde a diversidade sexa respectada, valorada e celebrada.

DINÁMICA 4 PARA IMPLEMENTAR

ANÁLISE DE CASOS PRÁCTICOS E CREACIÓN DUN DECÁLOGO ANTIRRACISTA: Recoñecendo e abordando o racismo escolar [45']

Obxectivos: Identificar conflitos racistas no instituto e Crear pautas de actuación que promovan a empatía, o respecto e a inclusión.

Cursos recomendados: 3º e 4º da ESO, pero aplicable aos catro cursos.

Materiais:

- Encerado ou rotafolio e rotulador
- Copias impresas dos casos prácticos (un para cada grupo)
- Follas A4, marcadores e bolígrafos
- Cartolina A2 e rotuladores de cores (para o decálogo final)

1. Introducción [5 minutos]

Comeza a actividade creando un espazo seguro e respectuoso, onde todo o alumnado se sinta cómodo compartindo as súas ideas e/ou experiencias de forma voluntaria. Explica que, durante a sesión, se abordarán temas delicados relacionados co racismo nos centros de secundaria, polo que é fundamental que todo o grupo-clase escoite e respecte as opinións das demais persoas. Failles saber que calquera comentario ou reflexión que compartan será tratado con seriedade e confidencialidade.

Proponlle ao alumnado que pense en situacións que vise ou escoitase acerca de conflitos racistas no instituto, preferiblemente de forma directa ou a través de relatos anónimos en terceira persoa.

Lembra que o obxectivo da sesión é entender o impacto do racismo na comunidade educativa e explorar como podemos contribuír a crear un ambiente máis inclusivo e respectuoso na aula e no recreo.

2. Presentación de casos prácticos e traballo en grupos [25 minutos]

2a. Divide o grupo-clase en subgrupos de 4-5 persoas e asigna a cada grupo un dos casos prácticos –xa sexan ficticios, reais ou os proporcionados ao final desta ficha (3 minutos).

2b. Cada grupo deberá ler o caso asignado, analizar a situación e debater as seguintes preguntas (15 minutos):

- *De que tipo de conflito se trata?* Por exemplo, segundo os catro niveis de racismo da unidade didáctica 2 (internalizado, social, institucional ou estrutural) e os dous tipos de discriminación da unidade 4 (visible ou sutil).
- *Como impacta o racismo na persoa afectada?* (Emocional, social, académicamente, etc.)
- *Que sinais ou indicios podemos identificar que alerten sobre este tipo de conflitos no instituto?*
- *Que intervencións poderían evitar ou solucionar este conflito?*

2c. Despois de discutir estas preguntas, cada grupo deberá compartir a súa análise co resto.

3. Creación dun decálogo antirracista [15 minutos]

A continuación, invita o alumnado a reflexionar sobre como se poden abordar os conflitos racistas no contexto escolar. Guía a creación de 10 pautas de actuación que axuden a previr e actuar ante conflitos racistas na aula e no recreo (10 minutos).

Preguntas orientativas:

- *Como debemos intervir se presenciamos un conflito racista no instituto?*
- *Que tipo de apoio debe(n) recibir a(s) persoa(s) afectada(s) por un conflito racista?*
- *Que papel deben xogar o alumnado e o profesorado na prevención e resolución destes conflitos?*
- *Como podemos promover o antirracismo no instituto?*

Discute as pautas de actuación con todo o grupo-clase e, despois, sintetízalas nunha cartolina visual –como un decálogo que se poida manter na clase.

Reforza a idea de que é fundamental fomentar un ambiente escolar inclusivo e respectuoso, onde todas as persoas se sintan valoradas independentemente da súa orixe, cultura ou categoría étnico-racial.



EXEMPLOS DE CONFLICTOS RACISTAS

Caso 1: Comentarios despectivos nas redes sociais

Un grupo de estudantes dun curso superior crea un meme racista dirixido a un compañeiro de orixe árabe e compárteo nas redes sociais. Aínda que ao principio a vítima non o ve, outros estudantes difúndeno no instituto, o que suscita burlas e comentarios ferintes cara á persoa afectada.

Isto afecta a súa autoestima e provoca que deixe de participar activamente na clase e nas actividades extracurriculares.

Caso 2: Exclusión durante os traballos en grupo

Nunha clase de ciencias, o alumnado debe organizarse en grupos para realizar un proxecto. Unha alumna negra-africana decátase de que varios compañeiros sempre evitan incluíla nos seus equipos, alegando escusas como "xa somos suficientes" ou "organizámonos con amigos".

A pesar dos seus esforzos por integrarse, esta exclusión faina sentir illada e dificultalle avanzar academicamente.

Caso 3: Insultos e estereotipos no recreo

No patio, un grupo de estudantes mófase dun compañeiro de orixe asiática, imitándoo con xestos e pronunciando esaxeradamente o seu idioma. Un deles dille: "Todos os do teu país sodes iguais".

Aínda que o estudante intenta ignoralos, séntese humillado e evita pasar tempo nas áreas comúns do instituto.

Caso 4: Discriminación na asignación de asentos

Durante unha excursión escolar, a titora organiza o grupo-clase por parellas para o transporte. Con todo, algunhas compañeiras néganse a sentar ao carón dunha alumna de etnia xitana, xustificándose con comentarios como: "Non quero que me roube".

A alumna escoita estas palabras e decide quedar soa durante todo o traxecto.

UNIDADE DIDÁCTICA 5: VISIBILIZACIÓN DE REFERENTES

OBXECTIVO: Incorporar figuras diversas no imaxinario colectivo, reforzando a representación inclusiva en diferentes ámbitos.

CONSIDERACIÓN QUE CÓMPRE SABER

A importancia da representación

A **representación** constitúe un aspecto fundamental no ámbito educativo, especialmente durante a adolescencia, unha etapa caracterizada pola construción da **identidade** e a procura de referentes. Durante esta etapa, a visibilización de figuras diversas e representativas no currículo e entre o persoal docente resulta esencial, xa que permite que o alumnado se recoñeza na súa contorna máis próxima. Esta identificación non só reforza a autoestima e o sentido de pertenza, senón que tamén fomenta a superación de estereotipos e amplía as posibilidades de desenvolvemento persoal e profesional.

A visibilización de referentes na vida das persoas é crucial, xa que ofrecen inspiración tanto na consecución de logros como nos momentos de adversidade. Con todo, a pesar dos avances acadados na loita antirracista, os canons predominantes continúan invisibilizando as identidades racializadas e outras formas de diversidade. Isto dificulta a identificación de **modelos positivos e accesibles**, o que fai que moitas persoas non dispoñan de exemplos próximos que representen todo o seu potencial. Por iso, é indispensable que a comunidade educativa se comprometa activamente coa promoción de referentes inclusivos e representativos que respondan á heteroxeneidade de todo o seu alumnado.

Ademais, os referentes deben cumprir unha dobre función: ser espellos e xanelas. Como espellos, permiten que o alumnado se vexa reflectido neles, o que contribúe a validar as súas experiencias e realidades. Como xanelas, ofrecen unha mirada cara a outras perspectivas e formas de ser, enriquecendo a súa comprensión do mundo e promovendo o respecto cara á diversidade. Esta combinación de roles é indispensable para garantir contornas educativas inclusivas, nas que cada persoa se poida sentir valorada como parte dunha sociedade diversa.

Persoas racializadas referentes no contexto español

1. **Beatriz Micaela Carrillo de los Reyes** (1975) → Política feminista xitana española, diplomouse en Traballo Social e licenciouse en Antropoloxía pagando os seus estudos como vendedora ambulante e traballando na industria da laranxa na súa cidade natal. Actualmente é presidenta da Federación Estatal de Asociacións de Mulleres Xitanas e dende 2023 ocupa o cargo de directora xeral para a Igualdade de Trato, a Non Discriminación e contra o Racismo do Ministerio de Igualdade.
2. **Chenta Tsai Tseng** (@putochinomaricón, 1992) → Artivista multidisciplinar taiwanés-español, coñecido pola súa música e poesía. Nas súas obras aborda temas como a racialización, a diversidade sexual e a xenofobia. O seu estilo combina a crítica social con humor acedo, cuestionando os estereotipos sobre as persoas asiáticas e a comunidade LGBTBI+ en España.
3. **Daniela Ortiz de Zevallos** (1985) → Artivista peruana exresidente en España, a súa obra céntrase en temas como o colonialismo, a migración e as políticas de fronteira. Mediante instalacións, vídeos e performances, Ortiz cuestiona as estruturas de poder e promove a descolonización do pensamento.
4. **Eleno(a) de Céspedes** (1545–?) → Cirurxián español de ascendencia escrava, é recoñecido como unha das primeiras persoas trans documentadas na historia de España. Céspedes exerceu como médico tras ser liberado da escravitude, aínda que foi perseguido pola Inquisición debido á súa identidade de xénero.
5. **Juan de Pareja** (1610–1670) → Pintor español afrodescendente, naceu escravo na casa de Diego Velázquez e desenvolveu a súa propia carreira artística despois de ser liberado en 1654. É especialmente coñecido polo cadro que Velázquez pintou del, un fito na representación de persoas negras na arte europea do século XVII.
6. **Juan Latino** (1518–1594) → Cuxo verdadeiro nome era Juan de Sessa, foi un poeta e humanista do Renacemento español de ascendencia etíope. Liberado da escravitude, considérase a primeira persoa negra en cursar estudos universitarios e en lograr unha cátedra, a de Gramática e Lingua Latina na Universidade de Granada.
7. **Lucrecia Pérez Matos** (1958–1992) → Traballadora migrada da República Dominicana, é considerada un símbolo da loita antirracista en España. O seu asasinato, a mans dun grupo neonazi, marcou un fito na concienciación sobre os crimes de odio racistas no país. Considérase a primeira vítima deste tipo documentada en España.
8. **Ousman Umar** (1988) → Activista, autor e fundador da ONG NASCO Feeding Minds, emigrou a España despois de atravesar o Sáhara e o Mediterráneo dende Ghana. A súa autobiografía *Viaje al país de los blancos* e *Desde el país de los blancos* narra a súa loita pola supervivencia e a súa integración en Europa.
9. **Quan Zhou Wu** (1989) → Nada en Alxeciras, é unha ilustradora e escritora de orixe chinesa. É coñecida pola súa novela gráfica *Gazpacho agri dulce*, na que aborda a súa experiencia como muller asiática en España e reflexiona sobre a identidade cultural e o racismo.
10. **Safia El Aaddam** (@hijadeinmigrantes, 1996) → Activista e influencer española de ascendencia marroquí, é coñecida pola súa loita en favor dos dereitos das persoas migrantes e racializadas. Dende o seu proxecto *HijaDeInmigrantes*, promove campañas como *Votar é un dereito*, *Cédoche unha cita* e *O material escolar non é un privilexio*.

DINÁMICA 5 PARA IMPLEMENTAR

VISIBILIZACIÓN DE REFERENTES RACIALIZADAS: Memory da diversidade [45']

Obxectivos: Coñecer e valorar as contribucións de 10 referentes racializadas na historia e na actualidade de España a través dunha dinámica lúdica.

Cursos recomendados: Aplicable aos catro cursos da ESO.

Materiais:

- 20 tarxetas de referentes impresas (2 por referente * 10 referentes)
- Mesa grande ou superficie plana para xogar
- Dispositivos con conexión a Internet (un por equipo)

Preparación previa:

Crea dúas tarxetas por cada referente:

- Unha tarxeta co nome e unha breve descrición da persoa.
- Outra tarxeta cunha ilustración ou pista asociada (pode ser unha palabra clave, un obxecto simbólico e/ou unha representación gráfica).

Coloca as 20 tarxetas boca abaixo nunha mesa ou no chan e mestúraas para que non se distinguan.

1. Introducción [7 minutos]

1a. Comeza a actividade falando brevemente sobre a importancia da representación e como o feito de coñecer figuras diversas contribúe a construír unha sociedade onde todas as persoas se poidan sentir reflectidas e valoradas.

1b. Explica ao alumnado que o obxectivo é aprender sobre 10 referentes racializadas que realizaron grandes achegas no contexto español. Indícalles que o farán xogando ao memory, un xogo no que terán que atopar pares de tarxetas que inclúen o nome e unha pista sobre persoas importantes.

2. Xogo do *Memory* [25 minutos]

2a. Regras básicas:

- Divide o alumnado en equipos de 4-5 persoas.
- Cada equipo agardará a súa quenda para voltear dúas tarxetas por quenda.
 - Se as tarxetas forman parella (nome/descrición + ilustración/pista), o equipo deberá buscar e explicar quen é a persoa referente, coa axuda da persoa dinamizadora. Se o fan correctamente, quedan co par.
 - Se non forman un par, volven colocar as tarxetas boca abaixo.
- O xogo remata ao que se emparellen todas as tarxetas de referentes.

2b. Dinamización:

Durante o xogo, a persoa dinamizadora pode engadir datos curiosos e/ou complementar as explicacións do alumnado para enriquecer a aprendizaxe.

3. Reflexión Final [13 minutos]

Reúne o grupo-clase para reflexionar:

- Que referente lles chamou máis a atención e por que?
- Por que cren que é importante coñecer estas historias tan diversas?
- Que aprendizaxes poden aplicar á súa vida cotiá sobre antirracismo e inclusión?

OUTROS RECURSOS



www.potopoto.es/afroreferentes



www.mujeresnegrasquecambiaronelmundo.es



[Guía Didáctica "Un mundo en movimiento"](#)
[Médicos del Mundo](#)

CONCLUSIÓN

O proxecto ***Fomentar a diversidade abordando o racismo no ámbito educativo***, de Médicos do Mundo España, pon de manifesto a importancia de previr o racismo no contexto escolar dende unha **perspectiva integral** que involucre tanto o profesorado e o persoal educativo como o alumnado. A través das cinco unidades didácticas, insístease en que o equipo educativo encargado de impartir obradoiros educativos nos institutos de secundaria reflexione sobre o seu rol na prevención do racismo nas aulas. Para iso, é fundamental que cada profesional revise os seus propios prexuízos e nesgos inconscientes, e se forme continuamente en Diversidade, Equidade e Inclusión (DEI) para evitar actitudes, prácticas e pensamentos racistas na súa práctica diaria.

O racismo non só se expresa en actos visibles e directos, senón tamén de maneira sutil e institucional, o que fai necesario un enfoque integral para combatelo. O profesorado e o persoal educativo deben ser capaces de identificar as distintas formas de discriminación (internalizada, social, estrutural e institucional) e estar preparados para intervir de maneira efectiva ante situacións de conflito. Promover unha contorna segura, respectuosa e aberta é clave para previr o racismo e fomentar a inclusión.

Ademais, a linguaxe xoga un papel crucial na construción dunha **sociedade antirracista**. O uso dunha linguaxe inclusiva e consciente non só contribúe á eliminación de estereotipos racistas, senón que tamén é unha ferramenta poderosa para transformar a realidade social e educativa. O profesorado e o persoal educativo teñen a responsabilidade de modelar e promover unha linguaxe respectuosa que respecte a dignidade de todo o alumnado.

Finalmente, a visibilización da diversidade no currículo e entre o persoal educativo é esencial para que o alumnado se sinta representado e valorado. Contar con referentes diversos fortalece a autoestima e o sentido de pertenza, contribuíndo a unha educación máis xusta e equitativa.

En definitiva, como profesionais da educación debemos ser axentes activos na construción dunha contorna que rexeite o racismo en todas as súas formas. É **responsabilidade nosa** promover a diversidade, a equidade e a inclusión na aula, garantindo que todo o alumnado, independentemente da súa orixe, cultura ou categoría étnico-racial, teña a oportunidade de desenvolverse plenamente en **espazos educativos libres de discriminación**.



LOITAMOS CONTRA TODAS AS ENFERMIDADES, INCLUIDA A INXUSTIZA



Edita:



Colabora:

